



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES ESPÍNEIRA
Espíneira s/n 15930 Boiro
☎ 881 866 630
ies.espineira@edu.xunta.es
www.espineira.es

PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

IES ESPÍNEIRA

PLAN DE DESENVOLVEMENTO EUROPEO

- 1.Contextualización do Centro
- 2.Sinais de identidade e perfil
- 3.Obxectivos xerais
- 4.Obxectivos específicos por competencias
- 5.Internacionalización
- 6.Detección de necesidades
- 7.Plan de actuación - actividades
- 8.Repercusión
- 9.Conclusión

1.CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O IES Espiñeira atópase a uns 500 metros do centro da vila de Boiro en dirección norte, moi preto do polígono industrial de Espiñeira, boa parte do seu alumnado provén da área rural de Boiro. A súa oferta educativa inclúe a ESO, o Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais, Ciclo formativo de grao básico: Informática e comunicación, Ciclo formativo de grao medio: Instalacións de telecomunicacións, Ciclo formativo de grao medios: Xestión administrativa, Ciclo formativo de grao superior: Administración e finanzas.

2.SINAIS DE IDENTIDADE E PERFIL DO CENTRO

O Municipio de Boiro, está situado na marxe dereita da Ría de Arousa, incluída nas Rías Baixas, na vertente meridional da Serra do Barbanza -comarca que recibe o mesmo nome. Pola súa situación e semellanzas socioeconómicas, forma -xunto con Ribeira, A Pobra e Rianxo-, a Mancomunidade Arousa Norte. Ten unha extensión duns 86,2 km², cunha costa que bordeo o municipio de 37 km de lonxitude.

Con respecto á procedencia do alumnado a maioría vive na área rural de Boiro, contando tamén con alumnado da zona centro do municipio.

En canto á realidade socioeconómica das familias, a distribución da poboación ocupada no municipio evidencia unha base económica equilibrada e sólida, ocupando o sector primario o 33% dos activos (13% adicados a pesca e marisqueo), Aínda que a fonte de ingresos máis importante procede da pesca, tamén conta con industrias conserveiras e co auxe do sector turístico, sobre todo, na época estival.

3.OBXECTIVOS XERAIS

O IES de Espiñeira é un centro que ten como obxectivo primordial a educación na liberdade, no pluralismo e na tolerancia sendo a nosa intención:

- Fomentar o coñecemento dos dereitos humanos para conseguir un centro solidario e integrador, que non estableza diferenzas por razón de sexo, raza, relixión, riqueza, etc. e que busque a máxima integración de todos na sociedade.
- Ofertar todas as medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade que requiren os nosos estudantes, en función do que razoablemente permitan os nosos recursos.
- Orientar a actividade de ensino aprendizaxe á capacitación do alumnado para proseguir estudos superiores ou para asumir as funcións da vida laboral, segundo as súas posibilidades e opcións e potenciando o esforzo persoal.
- Consegue un centro participativo, democrático e pluralista, no que todos poidan intervir na consolidación dun proxecto educativo mediante un diálogo permanente.
- Fomentar as actitudes favorables de respecto ás diferenzas culturais, lingüísticas, étnicas, etc do seu contorno, así como de afirmación da riqueza da diversidade cultural no contexto da sociedade actual.

- Lograr unha escola crítica e comprometida que rexeite a inxustiza, as desigualdades, o deterioro do medio etc., e que fomente o diálogo, a capacidade crítica e a autoestima.
- Conseguir un centro activo, que se fundamente na observación, na experimentación e na sistematización das experiencias do alumnado dentro e fora do ámbito escolar, tomando como referente a aprendizaxe significativa como pauta metodolóxica.
- Axudar ao alumnado a que descubra, coñeza, desenvolva e mellore tanto as súas propias calidades como as súas potencialidades físicas, psíquicas, intelectuais, efectivas, éticas e sociais; fomentando a súa creatividade mediante o traballo académico e as actividades extraescolares deportivas e culturais.
- Capacitar ao alumnado para que, responsable e libremente, poida tomar decisións persoais e para que desenvolva e exerza o seu sentido crítico e para asumir responsablemente os seus deberes, inculcarlles que actúen en favor do diálogo, a comprensión, a xustiza, a igualdade e a conservación da natureza.
- Contribuír ao desenvolvemento de hábitos de traballo intelectual e ao recoñecemento do valor que a constancia e o esforzo no traballo teñen na consecución de calquera meta que un se propoña na vida.
- Estimular ao alumnado a aprender a pensar, a pensar e a aprender a aprender. Todo iso, inmerso no seu propio contexto; persoal, familiar, da comunidade educativa á que pertencen e do seu entorno social máis próximo.
- Fomentar que os alumnos sexan capaces de facela súa propia autoavaliación e chegar a conformar esquemas persoais válidos que lles permitan afrontar no futuro situacións análogas.

En canto ós obxectivos pedagóxicos propiamente ditos, cabe destacar os seguintes:

1. Procurar que o centro sexa un lugar de traballo grato, onde se favoreza a interrelación, o contraste de actitudes persoais e os valores de respecto e de tolerancia.
2. Potenciar un ensino activo no que se desenvolva a iniciativa individual, a creatividade e a responsabilidade; en definitiva, ensinar "en" e "para" a responsabilidade e a liberdade.
3. Fomentar o espírito e a capacidade de esforzo individual e solidario no traballo.
4. Procurar que o traballo sexa motivador e frutífero a pesar dos moitos inconvenientes que poidan xurdir no camiño.
5. Fomentar o traballo en equipo, que permita o contraste de información e tolerancia nas discrepancias.
6. Educar na diversidade atendendo á capacidade, ritmos de traballo, procedementos ou situacións persoais individuais.
7. Favorecer a inclusión de todos os alumnos. Isto debe implicar non só a inclusión dos que sofren carencias, senón tamén dos máis capaces.
8. Atención e respecto á individualidade, o que leva consigo favorecer a creatividade en todos os ámbitos.
9. Favorecer todos os actos que conduzan á maior comunicación e interrelación da comunidade escolar.
10. Potenciar un réxime de coeducación no que non caiba discriminación
11. Seleccionar os contidos curriculares que sexan realmente de interese e funcionais para o alumnado, que teñan aplicación na súa vida, procurando inserir a acción

12. Proporcionar ao alumnado os instrumentos de análise científica e fomentar a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
13. Buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade do alumnado, o diálogo e a interdisciplinabilidade.
14. Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral, así mesmo, facer da avaliación un instrumento de motivación e autoestima.
15. Impulsar a acción titorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa e profesional, así como as diversificacións e adaptación curriculares para aquel alumnado que precise delas.
16. Estimular a expresión crítica como forma de mellorar o ámbito inmediato e mesmo a sociedade.
17. Conectar os proxectos de aula co mundo real e os intereses do alumnado para dotalos de sentido e dun carácter práctico que os faga máis relevantes para eles.
18. Reducir o número de ausencias e retrasos do alumnado para reducir as porcentaxes de absentismo escolar.
19. Priorizar as medidas de mellora de atención educativa nos primeiros cursos da ESO para sentar as bases dun traballo adecuado durante toda a etapa (reunións periódicas coas familias, preavaliacións, comunicación permanente, ...).
20. Fortalecer a relación coas familias establecendo canles de comunicación fluídas e permanentes.
21. Establecer as medidas necesarias para reducir o fracaso escolar na ESO e mellorar os resultados académicos no bacharelato e na ABAU

4.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS POR COMPETENCIAS¹

De cara a un desenvolvemento dentro de proxectos europeos, pénsase nas competencias básicas como nun elemento indispensable para conseguilo enfoque integrado que as recolla, axudando a mellorar así os resultados educativos do noso sistema. É por iso que realizamos a continuación unha relación dos obxectivos pretendidos a través da nosa participación nos proxectos europeos, tanto a curto, como a medio e longo prazo:

⇒ **En relación á Competencia en Comunicación lingüística**

- Promovelos coñecemento e desenvolvemento das linguas propias cooficiais da comunidade autónoma, como lingua vehicular do alumnado do centro para o proxecto a desenvolver.

¹ En consonancia coa Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, relativa ás competencias chave para a aprendizaxe permanente (2006/962/CE).

- Estimular ó alumnado en canto á aprendizaxe de linguas estranxeiras a través de actividades motivadoras, con centros de outros países.
- Inculcar a formación do profesorado en canto á actualización lingüística a través de cursos e saídas a países nos que a lingua estranxeira sexa a oficial.
- Mostrar e concienciar á comunidade escolar da necesidade de mostrar as linguas como eixo fundamental na variedade de sociedades e culturas do mundo.
- Procuralo contacto coas linguas estranxeiras fora e dentro do centro, a través de proxectos educativos europeos e na participación en actividades con outras nacionalidades.
- Favorecer o intercambio de ideas mediante entornos de aprendizaxe reais ou virtuais.

⇒ **En relación á Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Coñecer e divulgar o patrimonio natural da nosa contorna.
- Favorecer o coñecemento e interacción do alumnado e profesorado co medio físico que o rodea.
- Colaborar en participar en actividades de formación en ciencia e tecnoloxía no noso centro, na contorna, e noutros países colaboradores nos proxectos.
- Promover as actividades nas que os coñecementos aprendidos sexan valorados e axuden a respectar a riqueza natural que nos rodea, e a doutros países, como punto de partida para o seu coidado e conservación.
- Divulgar os resultados das actividades realizadas con centros pertencentes a outras realidades, en relación co seu medio natural.
- Incentivar o uso das novas tecnoloxías como medio de comunicación entre centros dentro e fóra da nosa comunidade xeográfica.

⇒ **En relación á Competencia dixital**

- Fomentar o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo nos proxectos.
- Desenvolver diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto en contextos formais como non formais e informais.
- Motivar unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso.
- Incorporar a todo o persoal docente ao uso das TIC para conseguir que resulten ferramentas reais no traballo diario na aula.
- Fomentar a alfabetización dixital de todo o alumnado.
- Propiciar un entorno dixital no centro a través da páxina web e das redes sociais que faciliten a comunicación entre toda a comunidade educativa.
- Consegui, por parte da comunidade educativa, comprender como se xestiona a información e de como se pon á disposición dos usuarios, así como o coñecemento e manexo de diferentes motores de busca e bases de datos,

sabendo elixir aqueles que responden mellor ás propias necesidades de información.

- Comprender como os contidos dixitais se poden realizar en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes), así como identificar os programas/ aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear no contexto dos proxectos europeos

⇒ **En relación á Competencia de aprender a aprender**

- Fomentar a aprendizaxe permanente, tanto do profesorado coma do alumnado, en distintos contextos formais, non formais e informais dentro dos Proxectos Europeos.
- Promover a organización de actividades, para que o alumnado inicie aprendizaxes variadas e motivadoras en base á curiosidade e necesidade de aprender.
- Axudar ó alumnado a acadar unha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma, mediante o traballo por proxectos.
- Ensinarlles a necesidade de planificar, supervisar e avaliar os resultados, para acadar os obxectivos previstos nos proxectos.
- Fomentar o traballo en equipo, inculcando situacións nas que o traballo cooperativo sexa necesario.

⇒ **En relación á Competencias sociais e cívicas**

- Axudar ó alumnado a comprender as diversas realidades sociais nas que vivimos, e en relación coas diversas realidades doutros países.
- Impulsar o espírito crítico, mediante contextos multiculturais que contribúan ó seu progreso e crecemento persoal.
- Fomentar e elaborar actividades que promovan o aprecio e o coidado pola nosa contorna e polo patrimonio, tanto material como inmaterial, e poñelo en valor coas realidades doutros países.

⇒ **En relación ó Sentido da iniciativa e espírito emprendedor**

- Impulsar a autonomía do alumnado mediante a realización de gran variedade de actividades de intercambio de experiencias con alumnado doutros países
- Crear actividades significativas que permitan transformar as ideas en actos, adquirindo a conciencia da situación, promovendo a resolución autónoma das mesmas.
- Promover o desenvolvemento de actitudes que comporten un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza dentro do traballo por proxectos.
- Promover estadias noutros países para poñer en práctica a capacidade de planificación, organización e toma de decisións do profesorado, así como a resolución de problemas.

⇒ **En relación á Conciencia e expresións culturais**

- Inculcar o espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, en base a diferentes manifestacións culturais e artísticas, e consideralas como parte da

riqueza e patrimonio dos diferentes pobos europeos entre os que se establece o contacto.

- Coñecer os diferentes códigos artísticos e culturais, para poder empregalos como medio de comunicación e expresión cultural cos países integrantes dos proxectos.
- Manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades que participen nos proxectos.
- Obter coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental, etcétera) a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo.
- Comprender aspectos dunha cultura a través de diferentes autores e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cine, literatura, fotografía, teatro e danza) como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, vestido, gastronomía, artes aplicadas, folclore, festas...) da propia contorna do alumnado, ata outros países a nivel europeo.
- Recoñecer as principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade.
- Desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, así como a capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos.
- Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o diálogo entre culturas e sociedades e a realización de experiencias artísticas compartidas.
- Promover o interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras artísticas e culturais que se producen na sociedade, cun espírito aberto, positivo e solidario.

5.INTERNACIONALIZACIÓN

Unha vez mostrados os obxectivos do noso plan de desenvolvemento, é preciso ver como a internacionalización do proxecto axudaría na consecución dos mesmos. Son moitas as posibilidades que participar en proxectos dentro do marco Erasmus+ pode ofrecer, de cara a cumprir cos nosos obxectivos.

O proxecto educativo proposto a raíz deste plan de desenvolvemento, intégrase nunha sociedade que se planifica de cara a Europa. Trátase dun enfoque global e permanente, para que todo o alumnado do centro desenvolva as súas capacidades e competencias.

Ademais tamén ofrece a oportunidade de viaxar, de saír da nosa contorna e coñecer outras culturas para contribuír ó noso enriquecemento persoal; o cal traerá implícito para profesorado e alumnado ser conscientes da necesidade da aprendizaxe das linguas como elemento vehicular, e de descubrir outras maneiras de vivir e pensar, enriquecéndonos de xeito recíproco a través da mutua colaboración en proxectos.

Asemade é preciso dar conta da importancia que pode ter un proxecto destas características para o alumnado con menos recursos económicos, para que poida participar en igualdade de condicións, en base ás axudas económicas que os programas educativos Erasmus+ implican.

Outro punto positivo en favor da internacionalización do noso centro, é que esta implica que poidamos coñecer outros sistemas educativos, con outras realidades educativas, que nos permitirá formarnos profesionalmente, grazas ó coñecemento doutras metodoloxías e prácticas, e permitíndonos valorar e mellorar o noso propio sistema educativo.

Pero se hai algún factor importante detrás da internacionalización do noso centro, é o do desenvolvemento competencial e actitudinal do alumnado, mediante a súa participación nun contorno cultural diferente, contribuíndo a que aprenda a apreciar e respectar opinións e costumes diferentes, así como a tomar conta da súa propia cultura e sociedade. Implícito nesta idea está o feito da posibilidade que se ofrece así de mostrar a nosa propia cultura, e o que leva consigo para ó alumnado, non só coñecela en profundidade, senón revalorizala.

Trátase por tanto, dunha participación necesaria para o IES Espiñeira, pola carga de motivación e axuda persoal que pode ofrecernos, así como do desenvolvemento profesional que implica, promovendo a contribución ó crecemento da nosa comunidade, e á integración activa na mesma, así como a súa mellora.

6.DETECCIÓN DE NECESIDADES.

Chegados a este punto do plan de desenvolvemento,e en canto a detección de necesidades do noso Centro, compre facer unha diferenciación entre as necesidades cunha natureza máis “interna”, como a formación académica da comunidade educativa, e outra máis “externa”, en canto á xestión ou organización do centro.

6.1.Análise interna

Dentro dos obxectivos previstos de cara ó desenvolvemento europeo do IES Espiñeira, hai varios aspectos en relación coa formación da comunidade educativa do centro a ter en conta, para sinalar posibles oportunidades de mellora.

Por unha banda, faise precisa unha formación continua do profesorado para poder acadar un sentido no ámbito europeo, precísase da formación continua en linguas estranxeiras, en desenvolvemento competencial, en estratexias de traballo cooperativo, así como de formación na inclusión social, igualdade e convivencia.

Esta formación, non só de cara ó profesorado, senón tamén de cara ó Equipo Directivo, interesando que se poidan formar no eido da mellora da capacidade de liderado, de motivación do persoal, da xestión administrativa, do traballo en equipo, da seguridade escolar

6.2.Análise externa

Existen certas características que se deberían mellorar, e que son factores que poden chegar a limitar o potencial do centro a medio e longo prazo. Unha delas é a falta de alumnado, que repercute na pouca variedade de optatividade que se pode ofertar en cada modalidade. Este é un problema que se retroalimenta curso a curso, xa que

mentras o centro non ten alumnado suficiente para ofertar un número axeitado de materias optativas, hai alumnado que non efectúa a súa matrícula no centro por carecer de certas modalidades dentro do plan educativo.

Este é un aspecto que preocupa á comunidade educativa do IES Espiñeira, e a participación do centro en Proxectos Europeos estímase como un acicate para “atraer” alumnado, que busque aquí un proxecto a medio prazo, baseado na internacionalización da nosa institución.

Outro aspecto a mellorar é a dotación de recursos dixitais e a conexión dos mesmos para focalizar os proxectos cara á competencia tecnolóxica e dixital que se lles presupón.

6.3.Fortalezas

Non se pode facer un estudio da realidade do noso Centro, sen facer referencia tamén ás súas fortalezas. Na actualidade contamos cunha oferta educativa no centro de tódolos niveis de Educación Secundaria, e de Bacharelato, nas súas modalidades de Humanidades, Ciencias Sociais, Ciencias Técnicas e Ciencias da Saúde. Tamén contamos con oferta educativa de formación profesional, estruturada en torno a tres familias profesionais e consta de catro ciclos formativos:

- ❑ Familia profesional de Informática e comunicacións:
 - Grao básico en Informática e comunicacións (Decreto 107/2014)
- ❑ Familia profesional de Administración:
 - Grao medio de Xestión administrativa (Decreto 191/2010)
 - Grao superior de Administración e finanzas (Decreto 206/2012)
- ❑ Familia profesional de electricidade e electrónica:
 - Grao medio de Instalacións de telecomunicacións (Decreto 178/2010)

Todas estas opcións en canto á oferta educativa permítenos unha versatilidade importante á hora da escolla de proxectos de formación, non só en canto a un claustro variado en canto á súa especialización, senón tamén por contar cunhas instalacións que albergan esta formación, abrindo as opcións á hora de contar con aulas de moi variada natureza: ademais das aulas de clase habitual, existen outras aulas específicas: dous laboratorios, dúas aulas de Tecnoloxía, unha aula de debuxo, dúas aulas de informática, un salón de actos, unha biblioteca, un ximnasio, un pavillón deportivo, unha aula de música, un salón de actos audiovisuais, e o conxunto de aulas dos ciclos formativos, con ferramentas e dotacións específicas dependendo da familia profesional (dotación de ordenadores de sobremesa, equipos electrónicos, equipos de telecomunicacións, etc.).

Esta oferta educativa diversa é outro valor engadido ó Centro en canto a que hai un traballo importante de cara a evitalo abandono escolar. Neste eido ábrese unha oferta formativa diversa ó alumnado sen ter que cambiar de centro, motivo en moitos casos que propicia o abandono escolar, de moitas familias do noso concello, que non poden facer fronte a que este alumnado saia do concello para formarse. As opcións son diversas, xa que o alumnado pode formarse na Educación Secundaria e acadalo Graduado en ESO, tamén podería seguir pola vía do Bacharelato ou escoller un Ciclo Formativo de Grao Medio. E unha vez rematado último curso de Bacharelato ou o Ciclo Medio, existe a posibilidade de formarse nun Ciclo Superior.

Moitas son as rixideces do sistema, que conducen á exclusión do alumnado por non atoparse dentro das súas posibilidades as traxectorias propostas, pero no caso do

IES Espiñeira, conta cunha flexibilización importante de traxectorias, fomentando que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, posto que contan no propio centro, como se comentou anteriormente, coa opción da formación profesional básica, de ter cumpridos os 15 anos e non superar 1º de ESO, excepcionalmente cursando 2º. Por outra parte o alumnado que remata a súa Formación Básica pode acceder directamente a algún dos Ciclos de Formación Profesional de Grao Medio sen trasladarse a outro centro educativo, co que se favorece a inclusión deste alumnado que podería ter máis dificultades para facelo noutro concello. Elimínanse así moitas das barreiras que se presentan para garantir a permanencia no sistema educativo, e a aprendizaxe permanente do alumnado.

Outro punto forte de cara ó desenvolvemento europeo do noso centro, é o emprego de **eTwinning** como ferramenta de traballo, intercambio e coñecemento de novas formas de traballo e realidades socioculturais e educativas ó longo dos países europeos que forman parte da rede. Comezouse o traballo coa plataforma durante o curso 2018/2019, cun proxecto en común co *Lodewijk College*, centro de ensino secundario en Holanda, na localidade de Terneuzen. Este proxecto, titulado "*The seas that surround us*", comeza no presente curso como proxecto piloto, para comezar a traballar coa ferramenta, familiarizarse coas súas posibilidades, e atopar futuros socios europeos. Tamén nos permite traballar nun proxecto interdisciplinar dentro do noso centro, e en colaboración con outro, e no futuro máis de un, noutros países europeos. A idea é continuar nesa liña de cara ó vindeiro curso, e poder conseguir máis colaboradores, e un proxecto que se visualice xa dentro do programa Erasmus+.

Considerando outra fortaleza a oferta de materias bilingües do centro, é preciso destacar que o IES Espiñeira conta cunha sección bilingüe en Francés, na materia de Educación Física de 1º de ESO (actualmente contamos cunha auxiliar de conversa en lingua francesa adxudicada ó noso centro dende hai dous cursos). Aínda que a incorporación do centro á sección bilingüe é recente, non se descarta que no futuro poidamos, en colaboración con outros departamentos, incorporarnos á rede de centros plurilingües².

7. Plan de actuación - actividades

O plan de actuación, en relación coas actividades que se propoñen de cara a cubrir as necesidades que presenta o centro no entorno da súa internacionalización son:

- Continuar co traballo realizado en eTwinning, co noso alumnado de 3º de ESO, comezando no curso 2018/2019 en colaboración co *Lodewijk College* de Terneuzen, que xa conta coa súa certificación eTwinning dende o 9 de abril de 2019.
- Motivar ó alumnado en situación de perigo de abandono escolar a participar en proxectos internacionais e favorecer a súa inclusión.

² Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros na Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

- Solicitar proxectos de mobilidade Erasmus+ (KA1) para o profesorado do centro, e para o alumnado dos ciclos de grao medio de “Xestión administrativa” e de “Administración e finanzas”, para desenvolver a súa formación profesional.
- Impulsar a mellora da competencia lingüística en linguas estranxeiras a través das estadias no estranxeiro que promoven o programa Erasmus+.
- Solicitar proxectos de mobilidade para profesorado e alumnado de ESO (KA2) para contribuír á mellora das competencias básicas establecidas polo Consello de Europa, e fomentar a colaboración entre centros dos mesmos niveis educativos.
- Continua co plan de formación do profesorado do noso centro, incidindo na formación na súa competencia dixital, no traballo cooperativo, no traballo inclusivo e na súa competencia lingüística.
- Dinamizar o centro de dentro cara fóra, comezando co plan de actuación ata aquí presentado, e continuando coa súa visibilización mediante a páxina web do centro e as redes sociais, para acadar unha maior difusión do traballo que no centro se realiza, pensando tamén en futuras matrículas que poidan enriquecer a oferta de materias optativas do instituto.

8.Repercusión

Agárdase unha gran repercusión no centro da súa participación en programas europeos, posto que se trata de facer un traballo de dinamización, como se comentou anteriormente, de dentro cara fóra, contando cunha primeira e máis directa repercusión na comunidade educativa, e nun futuro a curto prazo influíndo de portas a fóra do instituto, na súa visibilidade.

- Posto que o plan de desenvolvemento nace dun enfoque primeiramente institucional, que parte do equipo directivo do centro, e da coordinación de proxectos europeos, estímase amplíe a colaboración a toda ou case toda a comunidade educativa, en primeiro lugar ó profesorado, e que a través deste se reflecta sobre o alumnado.
- Estimamos que un primeiro impacto sexa o de poder adquirir e transmitir ó alumnado o compoñente de cidadanía europea, internacionalización que consiga crear un ambiente máis motivador e aberto a moitas realidades socioculturais.
- Outro aspecto a destacar na repercusión no centro, será o feito de posibilitar a colaboración, o traballo cooperativo e diálogo entre tódolos participantes.
- Permitirá tamén mellorar e contribuír á dixitalización do centro, ó afianzamento do uso das TIC no mesmo, así como a novos recursos educativos dixitais.
- Axudará á participación doutras institucións ou empresas da nosa comunidade e á súa implicación na mellora educativa e formativa do noso centro.
- Ábrese ó profesorado a oportunidade de traballar e planificar interdisciplinarmente dentro do propio centro, contribuíndo á mellora do traballo en equipo e á cooperación.
- Conciénciase ó alumnado no coidado, respecto e apreciación polo Patrimonio Natural e Cultural, da súa contorna e doutros lugares do mundo, e facilítase ós

países cos que colaboremos o coñecemento da nosa realidade sociocultural e patrimonial.

- Cántase con incrementar a participación das familias, en especial cando se conta con alumnado estranxeiro, posto que a súa colaboración faise esencial para a asimilación e mellor coñecemento deste alumnado da nosa realidade social e cultural.
- Incentívase a participación de toda a comunidade educativa fóra das aulas, levando as aprendizaxes a outros contornos e ambientes.
- Enriquece a competencia comunicativa da comunidade, en especial en linguas estranxeiras.
- Estímase que en determinadas estancias no estranxeiro, o tema relevante sexa o emprego, tomando nota das estratexias para usar dentro e fóra das nosas aulas, á hora de buscar emprego, tanto no noso país coma no estranxeiro.

9.Conclusión

En conclusión, dende o IES Espiñeira faise unha valoración altamente positiva de cara á nosa participación en programas europeos, posto que non só pretendemos a formación integral do alumnado e profesorado, senón, e como foi sinalado anteriormente, a mellora das competencias, en especial a lingüística e dixital. Tamén será priorizado o coñecemento doutras sociedades, feitos culturais, elementos patrimoniais, e en definitiva doutras realidades educativas que axudarán a construír o proxecto de centro, a súa dinamización e a colaboración de tódolos seus membros.

